

Tempos Novos, nº 130, marzo 2008, pp 57-60.

(en el artículo publicado no figura la tabla que aquí figura)

9M: voto político ou voto económico?

Fermín Bouza

A batalla da axenda

O camiño ben positivo da economía ata hai poucos meses facía inevitábel para o PP loitar a prol do voto político (o pronunciamento da xente sobre cuestións políticas: terrorismo, autonomías, etc) e rexeitar a economía como centro do debate político, e iso determinou as estratexias populares durante case toda a lexislatura, na que non deu tregua ao PSOE, aos seus aliados e a todos os demais nin nas cámaras nin nas rúas. Así puidemos ver manifestacións a esgalla (en Madrid, ata a fartura), mentres o tema económico non aparecía na axenda do PP por parte ningunha, agás intervencións moi secundarias. Apostar polo voto político era tamén apostar por unha crispación crecente (e perigosa, hai que dicilo) que tentará descentrar aos electorados da que é a súa motivación mais sólida, a economía, no seu sentido mais amplo de optimización do voto en función de manter a posición persoal, e mesmo de melloralala.

Pero nestas deu chegado a crise, primeiro baixo a forma de “crise das hipotecas *subprime*” nos Estados Unidos de América e axiña coma crise xeneralizada na bolsa e crise local no sector da construción residencial (e o seu arrastre en servizos e industria), coa perda de moitos postos de traballo (inmigrantes, sobre todo) na construción e derivados.

Coa chegada da crise, o PP cambia os seus motivos electorais básicos e entra de cheo na cuestión económica, e neso estamos. O que se está a producir nestas alturas do proceso e o que chamamos unha “loita de *frames*”, unha loita de marcos interpretativos para a crise económica que ten as seguintes racionalidades: pola banda do PP, a crise e consecuencia dunha mala xestión do goberno, e para o PSOE é consecuencia dun proceso internacional externo (USA). Para o PP o significativo nas cifras son os derradeiros meses, e para o PSOE o conxunto da lexislatura.

Penduradas do tema económico, van por ambas as dúas partes unha constante oferta de pequenos ou grandes beneficios económicos baixo a forma fiscal ou de servizos sociais.

Engádense a isto algúns outros temas de importancia na axenda pública (derivada da pregunta de axenda pública nas enquisas: “cal é o problema mais importante do país...?”) como a inmigración e, mais secundariamente, o terrorismo. Na inmigración, que saca o PP de xeito inesperado e sorprendente (nin o tocou en toda a lexislatura), o marco que lle pon o ex ministro Arias Cañete provoca un debate sobre a xenofobia e o clasismo (“Ay, aqueles camareiros de antes...!”), pero obtén un premio no electorado (mais do 50% concordan coa idea do PP de exixir un contrato aos inmigrantes: o PSOE di que basta con cumprir as leis vixentes). A inmigración é un tema mixto económico-político que podería ter importancia no voto.

De momento, parece que o PP leva unha certa iniciativa en marcar a Axenda de debate pre-electoral, mentres o PSOE mantense á defensiva, con algunha proposta económica e social mais expresiva dos seus horizontes socialdemócratas. A chamada *Batalla da Axenda* favorece en certo modo ao PP que, sen embargo, non parece acertar nos seus marcos, nos seus *frames*.

Non acertar nos marcos interpretativos dos temas propostos pode restar eficiencia á vantaxe da iniciativa.

Cómo van as enquisas e cómo recollen estas cousas?

As enquisas como arma electoral: a batalla das enquisas

No uso periodístico das enquisas hai unha mancha de disparates que van dun periódico a outro e repítense con grande aparato “técnico”. Un destes disparates é o uso do raro concepto de “empate técnico”. É un nome que ten ecos dalgún rigor, algo así coma o engado da palabra “técnico” sumado ao pracer do “empate”, que anuncia un partido de emocións e incertezas. É certo que toda elección é incerta, por mais que algún partido vaia levando a dianteira, e polo tanto non é preciso falar de empate ningún: a emoción está garantida en calquera caso. O concepto de “empate técnico” non é científico: enténdese por tal cousa na xerga periodística o suposto empate entre os contendentes cando a distancia na porcentaxe de votos entre os dous partidos (2, poño por caso) e igual ou menor que as marxes do error (3 poño por caso). Isto nunca é así na realidade, porque as probabilidades de que esa porcentaxe de distancia saia (2 no noso exemplo) é moito maior ca probabilidade de que saian os dous extremos das marxes (mais/menos 3, no noso exemplo), por razóns estadísticas sinxelas e coñecidas. O resultado medio (2, no noso caso) é o que ten mais altas probabilidades de saír. Non sei se son claras estas explicacións, pero en todo caso non hai mais empate que o empate real (0 de distancia entre os dous partidos). Calquera outra distancia xa é significativa en si mesma. Ven de saír o estudo preelectoral do CIS que lle da 1,5 puntos de vantaxe ao PSOE sobre o PP cunha marxe de error de +/-0,74, e foi recibido

como “empate técnico”, o que contradí mesmo o criterio usado polos periodistas para falar de tal empate.. Á fin deste artigo falarei diso.

Digo isto porque este concepto multiplicouse de tal xeito que fixo case imposíbel unha lectura das enquisas mais normalizada. Cal é o problema das enquisas e quen vai gañar as eleccións dos dous grandes partidos de estado o 9m?

O problema das enquisas e variado, e quizais o mais importante a efectos destas eleccións é a dificultade para prever a participación, pois os resultados van depender en boa parte desa participación. Están entrando nas enquisas unhas porcentaxes de participación (na enquisa) moi altas, do 84% por cento nalgúns casos (CIS). Isto non quere dicir que a participación real vaia ser esa. Podería ser de 10 puntos menos (este é un cálculo que se fai con frecuencia), é dicir, do 74% (voto válido). Esta sería unha boa participación nunha época de *desafección* cara aos partidos políticos e a política en si mesma, pero queda por debaixo da participación no 2004 (75,66 en voto final válido). Como é sabido, a participación favorece o voto progresista en todas as súas versións.

Neste momento non hai ningún empate técnico: o PSOE leva unha dianteira que varía segundo estimacións (diversos procedementos) entre 1 e 7 puntos (1,3 e 6,4, exactamente). É moita distancia, pero o risco dos demóscopos e ese, estimar, que é unha operación máis intuitiva ca científica. Mais significativo en certo modo e mais coincidente é o dato do voto directo (non estimado), que vai entre 8 e 10 puntos favorábel ao PSOE. Esta distancia poderá ir decrecendo ata o día das elección e quizais o voto directo da semana anterior ao 9m nos vai dar xa unha importante aproximación da distancia que vai a haber entre os dous partidos e a favor de quen deles. A partir de agora vai irse desprazando o interese polo voto estimado (cociña para tempos fríos e


lonxe das eleccións) ao voto directo (o que a xente di na enquisa, pero agora en quente nas vésperas electorais).

Pero nada é previsíbel cento por cento. O lóxico en certo modo sería que o tipo de oposición que fixo o PP (durísima, sen buscar ampliar o seu voto, apenas para mantelo) tendera a conservarlle o voto con algunha pequena marxe de variación (37-39%), igual que o do voto PSOE (42-44%), voto socialista que o propio PP fixaría co seu modelo duro e estático de oposición. Pero estas lóxicas son dependentes de variabeis inesperadas que agora non podemos saber. Toda elección, por nidia que pareza, é sempre incerta.

A modo de ilustración que vai alén das porcentaxes de voto, vexan o estado da diferenza de voto PSOE-PP na casilla 5 (autoubicación ideolóxica) ata o último barómetro con voto do CIS. Isto fala dun déficit do PP no centro-esquerda, onde tería que gañar para gañar unhas eleccións xerais (o teño en castelán nos meus arquivos, desculpen):

Diferencia (%) en 5 (autoub/voto directo) entre PSOE y PP

Datos CIS, sólo Barómetros (abril 00-octubre 07)



O contexto político

Por dura que lle puidera parecer a alguén esta precampaña, nada que ver cos horrores que temos vivido no lugar no que eu me poño pare escribir estas cousas: Madrid. As cousas que un pode contar de cómo afectou a súa vida e a

dos seus veciños madrileños o durísimo modelo de oposición do PP son tan extensas como fondas. Pero non é o persoal senón o político o que vai contar para a historia. A fantasmagoría do 11m difundida e multiplicada todos os días pola prensa e a radios conservadoras (nalgúns casos “conservador” é un eufemismo piadoso) tivo o papel principal de arrepiante música fondo durante estes anos de ferro. O uso do tema catalán para resucitar o nacionalismo español mais ultramontano convocou e mobilizou aos sectores ultras dunha dereita que nunca chegou a selo no seu sentido moderno e europeo, e que rematou purgando de feito a Mariano Rato e Alberto Ruiz Gallardón, dúas persoas que poderían representar unha dereita cando menos mais educada e tranquila. Eses sectores duros foron condicionando a dirección do Partido Popular e definindo as súas estratexias. O intento de negociar a fin do terror converteu en terrorista ao presidente do goberno e a quen defendera a súa estratexia. E todo isto, que non tivo maior eficiencia no conxunto do estado, en Madrid, polas carencias do PSOE local (realmente fortes) a as limitacións de IU, foi eficaz e mudou o estilo histórico da cidade.

Pero Madrid so é Madrid, que non é pouco. No resto do estado o modelo de oposición do PP tivo menos incidencia e moveu menos vontades, se temos en conta os resultados das eleccións municipais. Qué pasará agora? O contexto político foi e é así de duro, se ben nas últimas semanas todo parece ir un pouco mais relaxado, quizais porque de momento ninguén quere lanzar un modelo duro de campaña electoral. De momento.

Os debates (xa confirmados) sí poderían mudar voto e axudar a algún partido dos dous citados nestas liñas. Pero os debates teñen tamén unha cara perigosa para os candidatos, unha cara pouco amábel: os fallos dos candidatos terán maior resonancia, o mesmo que os seus acertos. Os debates son unha

sala de espellos que multiplican a imaxe dun xeito non de todo controlábel. Son un grande risco tamén. Pero son, sobre todo, unha necesidade cívica.

O Preelectoral do CIS

Pechando xa esta reflexión electoral, cae sobre a precampaña un clásico: o estudo preelectoral do CIS (15/02/2008), que é un dos apoios dos estudosos para analizar os fluxos de voto. Da unha avantaxe de 1,5 puntos ao PSOE sobre o PP e pon as cousas ben emocionantes, cando menos nunha primeira ollada. En todo caso non é tranquilizador para ninguén: nin o PSOE (aparentemente, cando menos) colle distancia nin o PP semella con folgos para gañar. A maior parte das preguntas secundarias (non de voto) favorecen claramente ao PSOE (puntuación de líderes: Zapatero, 5,36; Rajoy, 3,95), e non rematan de verse posibilidades reais de vitoria para o PP, aínda que toda elección, e esta mais, está aberta sempre. Tampouco o PP parece avanzar (a falta de consultar o arquivo estadístico deste estudo, e usando os datos marxinais do CIS) en **voto de centro**: a distancia co PSOE a favor do PP (casillas 5+6 da escala ideolóxica) era en Outubro de 11,9 puntos, e no preelectoral de agora é de 7,8. A distancia en voto directo segue a ser alta a favor do PSOE (9,9 puntos de porcentaxe), e a participación declarada (72,2) pode subir segundo os datos de acompañamento que leva, e está xa fora da área de máximo perigo para o PSOE (por baixo do 71%). Por qué a estimación de voto do CIS tende a reducir as distancias entre o gañador e o colocado? Isto ocorre por un sinxelo motivo metodolóxico: a estimación do CIS faise (entre outras cousas) sobre a pregunta de recordo de voto, e o recordo de voto para o PP segue a estar moi baixo (20%). Nesas condicións, o coeficiente de ponderación do voto directo é moi alto para o PP, e moito mais baixo para o

PSOE, o que leva a esa distancia tan pequena do 1,5% entre os dous partidos. Pero isto non sempre funciona ben. O estimador por recordo de voto é moi problemático en certas condicións. Con todo, o 1,5% anuncia unha campaña a cara de can, como se di. O PSOE está obrigado a mobilizar a “**todo**” o seu electorado, sacalo da casa como sexa e levalo ás urnas.

Un interesante futuro político

Se se confirman os datos a día de hoxe e gaña o favorito (PSOE), a crise da dereita parece cantada e preparada, e podería ser o espectáculo dos próximos meses e anos. Unha crise que ten algúns nomes propios, pero que ten, sobre todo, un fondo sentido político: para cando unha dereita aberta e convincente capaz (como no 2000) de rachar os seus límites electorais e de tranquilizar á cidadanía, sexa ou non de dereitas? Podo asegurarlles que se gañara unha dereita coa cara que lle vimos en Madrid estes últimos anos, a estabilidade deste país complexo estaría fortemente comprometida por xentes pouco amigas da estabilidade, xa se trate do estatus do Rei (non intervencionista en política, na súa versión actual) como das leis cívicas (homosexuais, aborto, e mesmo divorcio-expreso, entre outras). É unha opinión, sen dúbida, pero creo que é unha opinión fundada. Iso é exactamente o que di algunha xente significativa de dereitas pouco afín ao núcleo duro (Faes-Aznar), e que é maioría entre os votantes do PP (2/3, aprox.), xente que podería ser o horizonte dunha dereita renovada que aínda non se ve.

Se perdera o PSOE, cousa improbable a día de hoxe, o terremoto afectaría de novo á estabilidade dun partido que nunca pechou de todo (na orde interna: cuestións ideolóxicas importantes) a crise das derrotas de 1996-2000, e que

saíu adiante con pactos de feito que, de momento, foron funcionando e funcionan. Manteranse no caso dunha derrota?

En calquera caso, a situación política ten un grande interese vista dende Madrid, que é o meu observatorio e meu *locus* electoral e político.